

UNHA CORRENTE SALVAXE

XXXVII PREMI BORN DE TEATRE 2012

PERSONAXES

Ana (34)

Desiré (14)

Carlos (38)

Lois (39)

Ramón (59)

PRIMEIRO ACTO

I

Luz sobre ANA.

ANA

Comeza xusto nese momento. Devólvolle a Lidia o que lle quitei e aí comeza a miña nova vida... O poni co que sae nesa fotografía... Devólvolle a Lidia o seu poni e xa podó ser outra por fin. Como era violeta púxolle de nome Violeta. Daquela eses bonecos eran unha novidade, case non se vían, pero despois cando Desi era pequena todas as nenas tiñan un. Eu non podía aturar a idea de vela xogando cun poni coma o de Lidia, así que nunca llo comprei. Tívena con vinte anos. A Desiré. Crieina eu soa, sen ninguén que me botase unha man. Pero saín adiante. Marchei da casa dos meus pais cando souben que estaba embarazada. Deixeiilles unha nota dicíndolles que os quería, que ía estar ben, que non me buscasen. Non os volví ver desde que me fun, nin sequera sei se están vivos. Quizais no primeiro momento intentaron encontrarme, pero supoño que en canto souberon por que marchara nos borraron a min e á súa neta das súas vidas. O pai de Desi, si. El buscou. Traballo nun hipermercado. En Leganés. Entrei de caixeira, pero agora as que quedamos facemos un pouco de todo. Despediron moitas compañeiras nos últimos meses. Eu tiven sorte. Un día chegou un novo encargado e resultou que era de Breixo. Xa sabe. Está a un paso de Castronovo. Carlos namorouse de min. Empezamos a coñecernos e agora estamos prometidos. É un home bo, quéreme. E lévase moi ben con Desi. Se

eu tamén o quixese a el, xa sería perfecto. Pareceume moi interesante iso que dixo o día que o vin na tele. Como dixo? Que o propósito da arte era buscar a verdade, que ese debe ser o obxectivo final do artista: a verdade. Que o máis probable é que fracasase, porque a verdade coñece mil trucos para permanecer oculta, pero que o teu deber como artista é ir na súa procura e sacala á luz. Tamén dixo algo sobre iluminar as zonas escuras da alma humana. Foi cando a entrevistadora lle preguntou polo seu próximo proxecto. Dixo que prefería non falar del, porque estaba aínda nun estado moi... Cal foi a palabra que utilizou? Tanto ten. O caso é que non entrou en detalles. Pero confirmou que era un documental sobre algo que pasara había moitos anos nunha vila preto de onde vostede nacera e dixo que de momento só estaba empezando a investigar os feitos. Que era un asunto complexo, dixo, moi complexo, o proxecto máis complexo da súa carreira e que quizais nunca chegase a materializarse. Non quixo dicir nada máis, pero eu axiña souben a que se refería, cal era aquela historia, que aquela historia era a miña historia, a historia da miña vida. Para serlle sincera eu non sabía quen era vostede cando o vin na tele ese día, nunca vin ningunha das súas películas. Pero ao día seguinte, no despacho de Carlos, busqueino en internet. Non teño internet na casa, non... Heinas ver. As súas películas. Agora sinto curiosidade. Seica vostede non fai películas normais. Xa sabe, non o tipo de películas que ve xente coma min. Vostede é un artista de verdade, seica. Non sei se lle gusta que lle chamen artista, pode soar despectivo, non? Pero eu non o digo con desprezo, ao contrario. Estou segura de que o podería facer moi ben. Pero é que iso que buscan os auténticos artistas coma vostede, a verdade, neste caso debe seguir oculta.

(Pausa.) Foi un agasallo de Reis. Lidia dicía que lle tiña envexa e que por iso facía como que Violeta non me gustaba, pero que se notaba que lle tiña unha envexa que non me lambía. Daquela tiña nove anos eu, Lidia era algo máis nova. Eu xa me sentía maior para ese tipo de xoguetes. Viviamos no mesmo edificio, por iso botabamos tanto tempo xuntas. Viña moito á nosa casa. Pero eu non lle interesaba en absoluto, ela viña polo meu irmán, que era algo maior ca nós e moi guapo. Andáballe sempre detrás, dicía que un día ían casar e que ían ter unha granxa con moitos ponis de verdade para que montasen os seus fillos neles e cousas así. Ese mesmo día, o día que Carlos me pediu para casar, á noite, díxenlle que tiña que regresar a Castronovo, que había algo que tiña que facer. Non lle contei nada do poni. El non sabe que esa é a razón pola que quero volver ao lugar onde nacín e pasei a infancia, para recuperar aquel poni e devolverllo a Lidia. Desi e Carlos non teñen nin idea de nada do que pasou, non saben nada de min, non me coñecen de verdade. O caso é que Carlos, sen avisarme, foi e alugou unha casa de turismo rural para unha fin de semana nas aforas da vila. Dixo que podíamos ir os tres e de paso aproveitar para ir tamén á súa aldea e que Desi e eu coñezamos a súa familia. Xa o ten todo programado. Ao final, as cousas sempre saen como teñen que saír, non como unha quere que saian. Eu non quería namorarme do pai de Desi, sabía que non debía namorarme del. Pero sucedeu. Coma todo o demais. Ningún de nós quería que pasase nada daquilo, pero era algo que tiña que pasar. E pasou.

Escuridade.

HISTORIA DUNHA DESCOÑECIDA

PERSONAXES

Adela (52)

Daño (58)

Elba (27)

A acción desenvólvese na actualidade, no soportal dunha casa da costa atlántica galega.

Esquerda e dereita, as do espectador.

Cómpre que haxa no bordo do proscenio, ben visible para todo o público, unha pantalla de leds que se poñerá en funcionamento cando se indique.

ESPAZO ESCÉNICO

A casa, unha construción de ladrillo e cemento de dúas plantas con visibles mostras de deterioración –gretas no recebo das paredes e pintura escachada pola humidade– elévase sobre un terreo irregular de rocha costeira e herba queimada polo sol, mirando ao mar. O soportal é de madeira e ocupa toda a fachada principal da casa. Accédese a el subindo unha escaleira de catro chanzos situada na súa parte frontal. No pé da escaleira únense dous camiños de grava que veñen dos laterais dereito e esquerdo.

As malas herbas esténdense polo terreo e asoman timidamente por entre as táboas do sollado do soportal, seguíndolles os pasos ás enredadeiras que xa ruben polos piares e pola fachada da casa.

Pero malia o aspecto xeral de abandono da propiedade, o espazo do soportal, cheo de luz e aberto á natureza do lugar, resulta moi acolledor. Está bordeado de macetas con flores e plantas diversas. Un tabique de madeira cérrao polo lado dereito, protexéndoo do vento. No ángulo que forma ese tabique coa fachada, creouse un recanto cunha mesa baixa e un banco corrido que se prolonga por debaixo da fiestra da cociña da vivenda. No lado contrario do soportal, á esquerda da porta da casa –na que se entra a través dun exiguo recibidor no que hai un moble auxiliar e un espello de parede–, un espazo de comedor de exterior cunha mesa redonda e cadeiras de forxa. Hai algúns libros e revistas sobre a mesa e, no centro, un sólido recipiente de cristal cheo de pedras e cunchas mariñas.

Antes de que a escena se ilumine, escóitanse xa as ondas dun mar calmo rompendo na beira da praia, moi preto, e tamén as voces dalgúns bañistas.

O sol, que pega de fronte no soportal, comeza a caer moi devagar cara ao solpor nunha tarde apracible e luminosa de final de verán que, pouco a pouco, empezará a anubrarse.

Entra ADELA polo camiño da esquerda, cun cesto cheo de tomates.

Adela viste un lixeiro e xuvenil vestido curto de verán que contrasta coas botas de montaña que calza. Aínda que aparenta menos anos dos que ten, o tempo pasou por Adela inevitablemente e cada día queda menos nela da moza de rostro anenado e riseiro que foi unha vez.

Adela está a comprobar se secaron un traxe de baño de muller e unha toalla que colgan dun rudimentario tendal, cando algo chama a súa atención na praia.

Achégase ao bordo do terreo, con apreensión.

Soa a sintonía de chamada dun teléfono móbil.

Adela sobresáltase. Bota unha última ollada cara á praia e sobe ao soportal.

O móbil soa sobre o moble auxiliar do recibidor.

Mentres se descalza, Adela mira a pantalla do teléfono cun xesto de fastío. Deseguido, entra na cociña sen contestar a chamada. Vemos a Adela moverse na cociña a través da fiestra. Ao pouco, volve saír, cun vaso cunha bebida con xeo na man.

O teléfono deixou de soar.

Adela observa a praia, buscando coa ollada o que hai uns intres miraba con tanto interese, pero fose o que fose, desapareceu. Bebe un grollo e senta na escaleira do soportal. Bótase cara a atrás, apoiando os cõbados no sollado, ao tempo que sobe a saia do vestido para que o sol lle aloumiñe as coxas. Despois cerra os ollos, reconfortada.